

Ref.: 2024-MG

6º ACORDO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

4º CONCURSO DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR 2024/2025

Publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo as propostas de provisión (Doc6 e Anexo a Doc6) adoptadas polas comisións de selección das prazas de axudante doutor que se relacionan máis abaixo.

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles para interpoñer reclamacións sen que fora presentada ningunha.

E consonte ao disposto nas bases 5, 6 e 7 da convocatoria de 4º concurso público para a contratación de profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo, convocado mediante Resolución reitoral do 11 de febreiro de 2025 (anuncio publicado no DOG do 17), esta Reitoría adopta o seguinte **acordo de adxudicación** das seguintes prazas (cuxo/s desglose/s figura/n anexo/s):

Referencia	Prazas	Área
2024-MG-M-H09-185-AX3-TC-02	1	Debuxo
2024-MG-M-T07-520-AX3-TC-01	1	Enxeñería de sistemas e automática

O Servizo de Persoal Docente e Investigador levará a cabo o chamamento dos/as candidatos/as que proceda/n, atendendo á orde de prelación indicada, e ata a formalización do número de contratos que se correspondan coas prazas convocadas.

Os/as interesados/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para achegar a documentación necesaria para formalizar o contrato e, de ser o caso, levar a cabo calquera outra actuación precisa para o mesmo fin. De non levar a cabo esas xestións no prazo indicado sen mediar causa suficiente así apreciada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerárase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá acudir á vía xudicial ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(*asinado dixitalmente*)

Taboleiro de anuncios de Sede electrónica da Universidade de Vigo



(2024-MG-M)
PROPOSTA DE PROVISIÓN

Referencia: 2024-MG-M-H09-185-AX3-TC-02
Área de coñecemento: Debuxo
Departamento: Debuxo
Corpo / Categoría: PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A (X3)-TC
Centro de Traballo: Facultade de Belas Artes - Campus de Pontevedra
Nº Prazas: 1
Docencia:

ADMITIDOS

Apelidos e Nome	Documento	Nº de orde	Puntuación
Molina Quiroga, Berio	***4782**	1	71,1700

Código seguro de Verificación : GEN-8ddc-44be-7e28-3991-77a3-f94b-3d48-c27f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



(2024-MG-M)
PROPOSTA DE PROVISIÓN

Referencia: 2024-MG-M-T07-520-AX3-TC-01
Área de coñecemento: Enxeñaría de sistemas e automática
Departamento: Enxeñaría de sistemas e automática
Corpo / Categoría: PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A (X3)-TC
Centro de Traballo: Escola Superior de Enxeñaría Informática - Campus de Ourense
Nº Prazas: 1
Docencia:

ADMITIDOS

Apelidos e Nome	Documento	Nº de orde	Puntuación
Silva Muñiz, Diego	***2891**	1	69,7000

Código seguro de Verificación : GEN-8ddc-44be-7e28-3991-77a3-f94b-3d48-c27f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

